

1. **ORGANIZACIÓN:** Servizo Provincial de Deportes da Coruña – Secretaría Xeral para o Deporte - Xunta de Galicia.

2. **COLABORACIÓN:** ADE As Rías, ADC Arnela e Concello de Porto do Son.

3. **DATA, LUGAR E HORARIO:** Xoves, 8 de maio – Campamento Virxe do Loreto (Porto do Son) → [Google Maps](#).

- 10:00 → **Apertura de Secretaría:** Entrega de material ós responsables dos centros.
- 10:30 → **Saída dos primeiros participantes.**
- 13:00 → **Peche de meta:** Todos os participantes deben ter rematado a súa carreira e pasar pola Meta.
- 13:30 → **Entrega de medallas (3 primeiros/as de cada categoría) e clausura da actividade.**

4. **PREVISIÓN METEOROLÓXICA FAVORABLE:** Ceo pouco nuboso | Máx. 19°C | Vento variable feble | Índice UV Máx. 5/6 → [Meteogalicia](#).

5. **CATEGORÍAS:** INFANTIL FEMININO / MASCULINO (2011 - 2012) - CADETE FEMININO / MASCULINO (2009 - 2010)

6. **CARTOGRAFÍA:** Campamento de Loreto (Antonio Piñeiro) - Normativa ISSprOM 2019-2 - Escala 1:2000 - Equidistancia 2 metros.

7. ZONA DE CONCENTRACIÓN E ACCESO

- As zonas de concentración, Secretaría e Saídas quedan establecidas na entrada Sur do campamento.
- Os autobuses poden acceder sen problema ata o mesmo punto de concentración. Deberán deixar aos nenos e nenas e aparcas nas inmediacións.
- Os centros que vaian chegando á zona de competición deben concentrarse na zona do merendeiro e agardar ás horas de saída → Hai mesas e bancos de pedra.
- Está previsto que contemos cuns baños portátiles na zona de concentración para evitar entrar no recinto antes da proba.

8. DESENVOLVEMENTO DA PROBA

- **Os corredores deberán levar obrigatoriamente un dorsal visible na parte frontal** → Entregaranse ó responsable do centro na Secretaría.
- **Carreira Sprint** en bosque na modalidade de **orientación en liña** → Os participante terán que pasar por tódolos controis, seguindo obrigatoriamente a orde numérica.
- **A vexetación está un pouco alta** nesta época do ano (algunhas silvas e ortigas en zonas moi concretas) e **húmida** polo orballo → **Atención á roupa e calzado elixidos.**
- **Saída individual contra reloxo**, separando ós participantes dunha mesma categoría entre si 1 minuto e intentando separar os dun mesmo centro nos minutos consecutivos.
- **Haberá controis bastante próximos**, polo que é moi importante comprobar o número/código dos mesmos.
- **Pequena marxe para corrixir posibles erros durante a carreira** → As tarxetas (PCards) teñen unha capacidade máxima de 20 “picadas” e os percorridos constan de 17 controis.
- **Tempo máximo de carreira para tódalas categorías: 60 minutos** → Tempo estimado do/a gañador/a en cada categoría entre 12 e 15 minutos.
- **Se unha estación SportIdent fallase, os participantes deberán picar ca pinza clásica manual** nun dos recadros habilitados para tal fin no propio mapa (R1 – R2 – R3).
- **Bocadillos e auga ó remate da proba** por xentileza do Concello de Porto do Son.
- **Entrega de trofeos na entrada do Campamento.**

9. DISTANCIAS E DESNIVEIS

* As distancias e desniveis estarán calculados automaticamente en liña recta entre controis. Estes valores nun terreo como este veranse incrementados entre un 10 e un 15 por cento no transcurso da carreira facendo un “percorrido ideal”.

PERCORRIDOS	CATEGORÍAS	Nº CONTROIS	DISTANCIA (Kms)	DESNIVEL (MTS)
R1	Infantil Feminino	17	1.2	25
R2	Infantil Masculino	17	1.3	35
R3	Cadete Feminino	17	1.4	35
R4	Cadete Masculino	17	1.5	40

